



## 1. ESICIÓN ESPECIAL “REFORMA CÓDIGO PENAL”

O Colexio de Avogados chegou a un acordo coa editora xurídica Wolters Kluwer para adquirir unha tirada de 300 exemplares dunha edición especial sobre a nova reforma do Código penal. A obra, titulada “La reforma del Código Penal”, inclúe un sumario que se estrutura cos seguintes contidos:

1. Presentación
2. Claves xerais da reforma penal (análise dos cambios fundamentais e da súa incidencia práctica)
3. Táboa co esencial da reforma penal (análise do máis destacado segundo cada área afectada)
4. Táboa de delitos e penas para as persoas xurídicas (lista de delitos que pode cometer unha persoa xurídica e as penas legalmente previstas)
5. Táboa normativa comparativa (a dúas columnas, mostra as redaccións anterior e actual de cada precepto, marcando con distintas cores o que se suprime, modifica ou engade).
6. Análise de autores (cinco comentarios de destacados penalistas sobre aspectos destacados e as súas implicacións prácticas)
7. Preguntas e respostas (cuestións breves sobre as lagoas e incongruencias do texto da reforma e as súas posibles respostas)
8. Formularios ou modelos para poñer en práctica as novidades
9. Texto vixente do CP tras a reforma con notas de vixencia

Ademais, coa adquisición desta edición en formato papel, tamén se disporá dun acceso á súa versión telemática a través do espazo virtual Smarteca (da mesma editora), o que permitirá a súa consulta mediante calquera tipo de dispositivo (ordenador, portátil, tableta...), incluso sen conexión á internet. Este acceso poderá realizarse a partir dun cupón de descarga que se incluírá con cada exemplar.

O prezo especial da oferta para cada código será de **5 euros máis IVE**. Os colexiados/as interesados/as en adquirir un exemplar **poderán facer a súa reserva na secretaría do Colexio, que se fará efectiva tras o aboamento do dito importe**. A data estimada pola editora para enviar ao Colexio estes exemplares é dun mes.